

VIERNES, 25 de febrero de 2011

ENTREVISTA: ANA ROMANÍ | POETA E DIRECTORA DO 'DIARIO CULTURAL' DA RADIO GALEGA | LUCES

"Concibo a poesía como capaz de conmover, de interrogar, de incordiar"

DANIEL SALGADO | 25 FEB 2011

Ana Romaní escribiu un libro "sen contemplacións". Así cualifica Estremas (Galaxia, 2010), un monllo de poemas arrepostos contra "un tempo de abatemento" e a súa quinta incursión no xénero. "Escribín, conscientemente, sen medida, sen corrección, sen complacencia", di a poeta. Romaní (Noia, 1962) creou e dirixe o Diario Cultural da Radio Galega dende 1990, cando había tres anos que publicara Palabra de mar, a súa estreia como poeta.

Pregunta. Estremas é o seu libro máis revoltado...

Resposta. Si, hai furia, hai rabia, hai alarido. Vexo o libro como un animal ferido que fala dese corpo individual e dese corpo colectivo despezado, abandonado á intemperie, á súa sorte. É algo que estrala en furia e tamén en tenrura. A tenrura de acoller a dor, individual e colectiva. E ten moito de exploración.

"Estremas' escribino cuestionando o previsíbel do meu universo de poeta"

P. E por que xusto neste tempo escribe unha obra así?

R. Porque vivimos tempos durísimos e asistimos a unha serie de fracturas, de crebas, que nos levan a un lugar de abatemento, de cansazo, de sensentido. Como se fóssemos corpos políticos exhaustos. Estremas é unha rebelión fronte a esa trama e a ese confinamento. O libro indaga neses discursos e na posición dende onde participamos. Tamén fala do movemento, da acción.

"Non son consciente de relacións xeracionais, todos os tempos están neste"

P. Estremas está escrito contra algo?

R. Non contra algo, senón contra unha circunstancia e contra unha percepción de inmovilismo. Non identifica culpábeis, pero si fala dunha responsabilidade histórica e social da que participamos todas.

P. Antes refería que os seus poemas tamén falan do movemento. Pode un poema incitar á acción?

R. Si. O poema conmove, move. Dende o máis persoal, que é onde radica todo cambio e toda capacidade de transformación. Transformar o persoal, o máis próximo, e iso impregna o colectivo. O libro e o poema sitúanse nese ámbito. Concibo a poesía na súa capacidade de conmover, de cuestionar, de interrogar, de incordiar, de molestar. E ao mesmo tempo de acoller. E o texto poético ten unha responsabilidade política, igual que calquera outro texto literario.

P. O libro conmove o individuo, pero, ao mesmo tempo, Estremas trata do colectivo, do nós, de maneira descarnada.

R. É un nós que se explora. Non fala dende a condición absoluta, nin dende a certeza, nin dende ningún dogma. É un nós que se cuestiona a si mesmo. Nese nós hai unha voz que

fala en feminino, que parte da experiencia das mulleres, ese xénero sen historia, sen dereitos, que ten a experiencia da usurpación do corpo, da linguaxe.

P. Malia a esa incerteza en que se move, a utopía aparece de maneira explícita.

R. No libro hai un movemento, dende a exploración dun lugar á necesidade de vivir unha nova estación, máis que de construír nada en concreto. Ao cabo, é un libro moi esperanzado. Os momentos iniciais, máis duros, sobre as osamentas, é como se fosen o percorrido necesario para chegar á tenrura, ao soño, á utopía, ao val.

P. Aínda que ese desprazamento existe, no longo poema Eu vinas rebentar as ponte, situado no comezo, concéntrase, dalgún xeito, todo o libro.

R. Eu non sabía que estaba escribindo un libro: comecei a escribir ese poema que nin sequera sabía que era un poema. Abrochou, medrou, e ese poema demandoume certa responsabilidade no exercicio da escrita.

P. Que lugar ocupa en Estremas?

R. É a xénese do libro, unha espiral da que xurdiron todos os poemas, atravesado de liñas de tensión. Fala a un tempo dende o persoal e o íntimo e dende discursos teóricos sobre o cambio de século. Foise desvelando e eu tiña a sensación de certo compromiso con ese texto, de non condicionalo con preceptos. O libro vivino como un proceso en que quixen facer un exercicio de liberdade na medida do posible. Como se necesitase non condicionar o poema coas miñas propias inercias como escritora.

P. Por que a natureza ten tanta presenza na súa obra?

R. Porque somos natureza.

P. Esa consideración non se arrisca a ser reaccionaria?

R. Non, porque somos corpo. Corpo político, pero corpo. Hai unha construción, pero vivimos dende a carne. As mulleres vivimos moito tempo sen corpo: os nosos corpos foron construídos, obxectualizados. Para min, a natureza significa apropiarse dun territorio dende outro lugar e con outras premisas. A natureza como liberación.

P. En certa poesía galega, a natureza é esencia inmutábel, ao cabo, conservadora.

R. Pero eu concíboa como un lugar de tránsito. Non somos materiais que reafirmen esencia nin nada preexistente; son naturezas en tránsito, á procura do lugar. Non é paisaxe, senón construción, proceso. No libro, as naturezas contrapóñense, son diferentes: irtas serras e toxeias fronte a cítricos estados de labor.

P. Por que. á hora de escribir, concede tanta centralidade ao mecanismo do símbolo?

R. É unha maneira de me expresar, unha síntese que dá lugar e que non é pechada, que abre. Preocúpame moito o discurso pechado e creo que o símbolo xera apertura, dá lugar a lecturas diversas. E ademais mudan, son símbolos que sendo o mesmo mudan a significación, do que falan.

P. En Estremas perde peso a simboloxía marítima que empregaba en obras anteriores.

R. É un libro escrito contra o previsíbel do meu universo. Cuestionándoo. Cando escribía, dicíame "non máis mar". E logo aparece.

P. Si, pero de maneira diferente. As osamentas das baleas non son as baleas.

R. É a súa memoria, o rastro.

P. Certa crítica confunde a literatura escrita por mulleres coa literatura feminista. Pero si hai unha literatura feminista politicamente progresista é a súa. Amólaa esa etiqueta?

R. Si hai moita confusión. Unha cousa é o que escriben as mulleres, outra o texto literario feminista. Pero creo que todo texto literario é ideolóxico, político. Entón, poderíamos catalogar os textos en función dese discurso. Mais hai categorías que se usan só coa literatura das mulleres e iso non me gusta, situar categorías só con respecto á literatura que fan as mulleres.

P. A súa poesía é unha das que dialoga con Rosalía de maneira máis aguda. Hoxe Rosalía está ben lida?

R. Recoñezo ese diálogo. Rosalía non fai concesión ao concibir o texto poético. Esa ousadía, esa potencia, ese non asustarse, interésanme moito. Logo, claro, Rosalía foi tantas cousas... Cada tempo abre a lectura dunha Rosalía. É fascinante.

P. Superou os tópicos?

R. O texto poético é aberto, múltiple en si mesmo, e cada tempo precisa ler as obras de determinada maneira e é difícil que non haxa esas lecturas pechadas. É complexo transmitir a complexidade.

P. A súa obra, segundo a crítica, anticipou elementos de xeracións posteriores...

R. Resúltame difícilísimo ver iso. Síntome moi próxima a poéticas, non a xeracións. Non son moi consciente de relacións xeracionais, senón dun entramado de calquera tempo. Todos os tempos están neste e podo sentirme próxima a María Mariño e a Adrianne Rich e a Anna Ajhmátova.

P. A súa profesión como xornalista cultural, interfere na súa relación coa literatura?

R. Si. Ás veces é difícil substraerse a ese traballo diario cos materiais da cultura. E creo que para escribir hai que situarse fóra deses lugares. Tamén é certo que a miña paixón pola poesía como lectora afectan ao meu traballo diario.

P. É nos dous sentidos.

R. Si. Gústame traballar coa cultura, pero por outro lado ás veces é complexo escribir dende fóra e penso que é necesario facelo así.